

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº15 / Ano: 2020 / 3º xornal Mes de setembro / Estado de pouco sentidiño




## TOTEM

De reivindicación nudista na camawuaiana praia de Melide. Páx.2

## AVENTURA EN ONS

O enxeñeiro Manolo Posada, cóntanos a aventura que pasou en Ons, concretamente no Illote do Centulo nos anos 60 do s.XX, cando se botou a facer pesca submarina na zona, mentres os seus compañeiros ían de pesca ao corrican. E como tivo que buscarse a vida, subindo entre rochas, silvas e toxos ata chegar a Melide por mor dun golpe de friaxe que lle paralizaba o corpo.

Páx. 1



## CONTOS DE TABERNA

Un paisano de Ribadavia que chegou a Ons cunha excursión da terceira idade, achegase á taberna onde están xogando a partida os illáns.

Ao acabar, estes entran nunha charla sobre a diferenza en Furancho e Loureiro.

O paisano, despois de pedir permiso para intervir, dá a súa teoría con respecto ao significado destas dúas palabras que teñen que ver coa venda de viño na casa do colleiteiro.

Páx. 2



## ONS NA MEMORIA

Desta traemos a esta sección a un dos mariñeiros máis emblemático da Illa de Ons, Francisco.

Na foto, Francisco e a súa muller no balcón da súa casa de Canexol.

Páx. 1



## ONS ETNOGRÁFICA

En todas as historias que me contaron da Santa Compañía en Ons, din que esta non habita na Illa, vén sempre dende Noalla. Sabemos que un lugar de partida era a Ermida da Lanzada, pero había outro sitio, e coido que, pescudando en Aios nos arredores de Punta Faxilda, atopei o segundo lugar dende onde partía, a Rocha denominada "Igrexa de Requeixo".

Páx. 5

## XORNAL <AHORA>

"AHORA" era un xornal madrileño que se publicou entre os anos 1930-1939. Nunha reportaxe sobre Galicia do ano 1931, Manuel Lustres Rivas, achégase á Illa de Ons para coñecer a situación dos illáns que nese intre estaban a pedir un Plan de Socialización das terras, cousa que contaba co visto e prace do dono Sr. Riobó. Conta nel como Largo Caballero interesouse polo tema e como o Ministerio de Traballo enviou a un funcionario para estudar a situación. Páxs. 3-4



## INCENDIO EN ONS

O pasado xoves día 17 de setembro, un raio provocou un incendio na zona de Fedorentos na Illa de Ons.

Páx. 6



Presentación da Película <Ons> en Bueu. Páx. 5

## AVENTURA EN ONS

*Manuel Enrique Posada González*

Corría o final dos anos 60 s.XX e estaba estudando a miña carreira na ETS de Enxeñería Industrial en Barcelona. Nun verán fun a Sanxenxo cun grupo de amigos do meu irmán José Domingo. Un deles apelidábase Cachafeiro e era Enxeñeiro de Camiños de Ourense. O seu pai era propietario dun barco de recreo co que nos embarcamos cara á Illa de Ons. A idea era facer pesca submarina na costa desta Illa.

Chegamos á Illa e os mergulladores puxéronse os seus traxes de neopreno, aletas,..., e lanzáronse ao mar á altura da Punta do Centulo, no norte da Illa. Eu non dispoñía de equipo porque o levara a Barcelona onde me mergullaba co famoso C.R.I.S. cos que fixera un curso de mergullo con escafandro autónomo.

No barco quedaron uns “restos” do equipo, aletas pequenas, máscara, tubo e un pequeno fusil de aire comprimido. Os participantes que quedaban, decidiron pescar ao corrican arrastrando os aparellos ao longo da illa pola súa zona leste. Ocorréuseme coller eses “restos” e lanzarme ao mar sen a protección dun traxe de mergullo.

Durante o mergullo inicial, o sol daba sobre o meu corpo, recibindo un calor suficiente como para aguantar en aquelas augas bastante frías. O problema comezou cando, ao desprazarme, accedín a unha zona de sombra.

De forma case inmediata comecei a notar un frío increíble e insuportable. As articulacións dos brazos volvéronse ranqueastes e comecei a pensar que podía sufrir unha paralización da capacidade de movemento. Naquela época eu estaba delgado e acostumado ao Mediterráneo.

O barco estaba pescando facendo un percorrido fóra da miña vista. Decido saír da auga atopándome coa costa do monte próximo ao illote do “Centulo Grande”. Medido hoxe ten 75 m. de altura e o percorrido dende a parte inferior é de 130 m. A pendente dun 60% parecía insalvable e estaba na sombra. Loitando contra a vexetación, empregando as aletas como protección dos pés e o fusil co seu arpón como apoio, vestido soamente cun traxe de baño, escalei aquela pendente escapando do frío e o vento que sopraba.

Cando cheguei ao cumio, busquei o acceso cara ao sur e emprendín o percorrido cara á zona da praia de Melide. Os toxos e outros arbustos impedíanme o paso e desconfiaba dun posible encontro con algún animal salvaxe que me atacara. Despois de moitos esforzos fixen o percorrido de 1.200 m. e cheguei á praia onde atopei o sol revitalizador e a auga para limparme das feridas e dos rabuños na pel producidos polos toxos e outros arbustos.

Despois daquel esforzo, estaba esgotado e decidín cravar o fusil na area da praia e colocar unha aleta en forma de estandarte para que me viran dende o barco nunha das súas pasadas. Alí me quedei durmido ata que me localizaron dende o barco e puideron volver a el.

Tardaron bastante tempo buscándome pensando que me afogara. Á xente non lle cabía na cabeza que puidera ter escalado a parede case espido, sen protección nos pés e loitando contra toda a vexetación e chegar ata a praia de Melide. Un recordo da miña loita pola supervivencia... na Illa de Ons.

**NOTA:** As dimensións foron obtidas mediante o software de Google Earth.



## ONS NA MEMORIA

*Francisco. Patrón do Cro*

**Foto:** Francisco un dos mariñeiros máis experimentado da Illa, no seu barco o <CRO II> xunto cun dos seus fillos.

Nesa embarcación foi na primeira que cheguei á Illa ala polo ano 1974. Daquela os mariñeiros non tiñan inconveniente en levarte cando o barco de pasaxe non estaba operativo ou chegaras fóra de hora.

Francisco habitaba e habita a que no seu momento foi a escola na parte inferior e casa escola e reitoral na parte superior. Na parte baixa da casa, a partires de que a escola pasou ao barrio de Curro, Francisco tiña, polo menos no verán dos anos 70, unha pequena barra que utilizaba para servir bebidas e, na parte que antes servirá de aula, neses intres estaba dedicada a zona de baile, a onde ían os moz@s a danzar os sábados xa que poñía música cun pequeno tocadiscos.

Moitas xornadas de pesca teño pasado nese barco, facendo fotos e tomando notas. Na foto da esquerda o seu fillo Víctor e na da dereita, Francisco co seu fillo Olegario.



## CONTOS DE TABERNA

### FURANCHO OU LOUREIRO

Nos meses de abril a xuño e en setembro, agás este ano pola pandemia, os barcos de pasaxe acoden a Ons con excursións escolares e da terceira idade. Ao chegar, e antes do xantar, divididos en grupos, van con cadansúa guía a coñecer as singularidades da Illa. Aínda que, por diferentes circunstancias, sempre algún viaxeir@ queda. E é aí cando o Centro de Visitantes, ata agora infrautilizado, cumpriría unha gran función, pois na súa sala de proxección poderíase proxectar un vídeo onde os guías expoñan e ensinen as mesmas peculiaridades illáns que os demais van ver na excursión.

Un día de finais de setembro, un deses maiores que por problemas de mobilidade non foi á excursión, achegouse a tomar algo aos bares, elixindo o que, polo pete das fichas na mesa, intuía que se estaba a xogar unha partida.

Sentouse a carón deles e a unha distancia prudencial para non estorbar. Cando rematou a partida, os veciños-xogadores comezaron a charlar sobre a vendima e paseniñamente a conversa foi derivando ata chegar a un gran debate sobre a diferenza entre *furanchos* e *loureiros*.

O home escoitaba atentamente e cando parou a conversa, ao chegar as rinchas fritidas á mesa, con moita educación, pediu permiso para dar a súa opinión sobre a charla que mantiveran ata hai un intre.

Os veciños aceptaron e convidárono a tomar un toro de peixe, cousa que rexeitou aludindo que pronto iría a xantar.

Comezou dicindo que era de Ribadavia, unha das zonas por excelencia do viño do Ribeiro, e que alí tanto *furancho* como *loureiro* eran dúas palabras que pertencían á mesma función. E seguiu falando:

- "Agora utilízanse xa cubas de aceiro, pero antes o viño facíase todo en barrís de madeira. Estes barrís, postos en horizontal, tiñan todos un buraco sobre unha das súas barrigas, que era por onde se enchía, trasfegábase e botábase a auga para lavallo quen non o desfondaba. Despois, nun dos seus fondos, facíanse dous buracos ou furos. Un arriba pequeno ou estreito, polo que se sacaba algo de viño para ir probando mentres se facía, e outro abaixo grande ou ancho que, cando xa o viño estaba en condicións óptimas para beber, era por onde se sacaba para as xerras ou para embotellar.

Cando o paisano coidaba que o viño xa estaba listo, era o intre de abillar ou abrir o *furo ancho* para sacar o viño. Normalmente invitaba á proba á familia, aos amigos e aos veciños máis achegados. Cando isto ocorría, corríase a voz de que "*fulanito*" abriera o *furo ancho*, que unindo as dúas verbas quedou en *furancho*, e todos quedaban á espera de ver que facía co viño, se quedaba para casa, se o embotellaba para vender, ou se poñía un loureiro na porta da bodega ou da casa para vendelo alí mesmo.

Así que, segundo a miña opinión, a palabra que corresponde á venda de viño na bodega da casa e LOUREIRO e *Furancho* é a palabra que determina o intre en que o viño está para beber e pónselle ou se abre a billa do *furo ancho*".

Os illáns, sen deixar de comer nas rinchas, quedaron abraizados da sapiencia do vello e entenderon sen ningunha dúbida, que LOUREIRO sería a palabra máis adecuada para definir o lugar para a venda, por un particular, do excedente de viño da súa bodega.



### TOTEM DE REIVINDICACIÓN NUDISTA DE MELIDE

A praia de Melide foi unha das primeiras de Galicia na que se practicaba o nudismo, ao igual que a súa Zona de Acampada poderíamos considerala como nudista, tamén única en Galicia. Hoxe, dende que a administración prohibiu a acampada, Melide está a perder as súas raíces nudistas. Reivindiquémola!!!

"AHORA" EN GALICIA

Hacia la socialización de la isla de Ons



Al retorno de la excursión. Norte duro y fuerte marejada. Nuestro colaborador Lustres Rivas actúa de timonel de la trainera

Un latifundio en mitad del agua

Diez y ocho kilómetros cuadrados de tierra no se consideran, seguramente, como latifundio en Castilla, Extremadura o Andalucía. Pero en Galicia un área tal significa, quizá, la máxima extensión de suelo que posee un ciudadano, en una sola pieza.

El latifundio que es la isla de Ons desequilibra el concepto minimifundista de la propiedad en Galicia. Y lo desequilibra en tal forma, que se presenta el caso de que el propietario y los colonos de la insula, de común acuerdo, hayan decidido pedir al Gobierno de la República la socialización de la tierra de Ons.

Para enterarse del asunto y establecer el proceso periodístico del mismo, hube de trasladarme a la isla de Ons una clara mañana de agosto.

Una trainera mixta, de vela y motor, sirvió para franquear la ría de Marín, desde el muelle de ese puertecito de Bueu, tan interesante y tan sacudido por inquietudes espirituales, que es ejemplo en todo el litoral gallego.


Hora y media patinando suavemente por encima del agua sosegada de la ría de Marín, impulsada la lancha por el viento y la hélice, y ya está la embarcación acoderada en una rampa de la playa "Dos Cans", minúscula y abrigada ensenada de la isla de Ons.

Sobre el lomo de tierra, en el dorso del mar


Soy un isleño más. Un isleño circunstancial, víctima de la curiosidad de saber el origen y la situación actual del plan de socialización de las tierras de esta isla de Ons.

Isleño momentáneo, quiero captar el paisaje antes que ninguna otra cosa. Y acompañado del maestro de la escuela primaria, don Joaquín F. Cambreiro — un rapaz con traza titanesca, un apóstol de la enseñanza —, subo, con lentitud, por el camino que llega hasta el faro.

El camino va serpenteando por entre tierras cultivadas. Conforme se asciende, se amplía el panorama. Todo es verde; la riquísima, la innúmera gama de



Desde la plataforma de la torre del faro se dominan a la redonda los diez y ocho kilómetros cuadrados de isla



La isla de Ons, habitada por vez primera hace ciento cincuenta años, y que cuenta sus habitantes hasta 398, es un latifundio en medio del Océano (Fotos Pacheco)

los verdes gallegos se prodiga generosamente en la isla de Ons. Verde oscuro de pinos rumorosos, verde de maizales, verde suave de praderas, verde claro de mimbreras y de sauces... Y salpicaduras blancas de casitas en toda la ladera del sudeste, pregonando la intensidad de la vida humana... La sensación de una tierra de vieja historia de cultivo, habitada y trabajada por muchas generaciones.

Hablando con el maestro

—¿Hace mucho que está habitada la isla?

—Unos ciento cincuenta años hace que vinieron los primeros pobladores: unos cuantos colonos.

—Y ahora, ¿cuál es la población de la isla?

—Cuatrocientos habitantes; en realidad, 398. Hice el censo casa por casa.

—¿La población escolar?

—Son setenta y cinco los alumnos de ambos sexos que hay en la escuela.

—¿Muchos analfabetos entre los adultos?

—Lo eran todos cuando llegué, hace cuatro años. Ahora, el 50 por 100 saben leer y escribir.

Y me explica luego cómo hubo de trabajar para conseguir el magnífico resultado. Labor de misionero educacional, en verdad, la de roturar y poner en disposición de rendir frutos mentales a cente-

nar y medio de inteligencias llegadas a la plenitud en total virginidad.

De repente atajo la fluida charla del maestro con una pregunta súbita:

—Es cierto que se trata de socializar la tierra de esta isla?

—Certísimo. Yo mismo he redactado la instancia que se cursó al Gobierno provisional de la República.

—Los colonos están conformes?

—En absoluto. Quieren que el canon de arrendamiento, en especie de frutos o en dinero, que pagan al propietario, tenga el valor de amortización de la tierra que cultivan; quieren que el terrón que han regado de sudor sus antepasados, y que ellos siguen regando, llegue a pertenecerles en propiedad total; quieren que la República les haga justicia.

—Y el propietario de la isla?

—Conforme con los colonos. Les da toda clase de facilidades.

—La instancia está en Madrid?

—Sí, señor.

**Las cartas de Largo Caballero**

Momentos después, en la casa del faro. Ya hemos trepado a la torre. Ya hemos admirado desde la plataforma de la lámpara toda la isla y el mar manso de la ría de Marín, con sus puertecitos blancos: Bueu, Agüete, Rajó, Aldán, Sanxenjo, Portonoyo..., con sus playas: cenefas albisimas en



El maestro de la isla de Ons, señor Fernández Cambeiro, un misionero educador que ha logrado instruir a los niños y enseñarles a la mitad de la población. Es padre de cinco isleños (Foto Pacheco)

el manto verde de sus tierras y en la lámina azul del agua. Ya hemos tendido los ojos por encima del Océano, que besa al cielo en el horizonte lejano. Ya nos hemos regalado con un caudal inmenso de magnificencias, cuando el torrero jefe de Ons, don Antonio Bruno Cambeiro, nos muestra dos cartas de su amigo y correligionario don Francisco Largo Caballero, respecto a la socialización de las tierras de la insua.

En la primera de las misivas, el señor Largo Caballero dice al señor Bruno que encuentra aceptable la instancia de los colonos de Ons en demanda de la colonización de la isla, y que espera la anuencia del propietario para iniciar una actuación.

En la segunda, el ministro de Trabajo dice que, visto el asentimiento del dueño de la isla para la cesión de ésta, se propone enviar un funcionario para valorizarla.

**Esperando al delegado del Gobierno**

Luego he hablado con colonos y con el propietario, que me confirmaron y ampliaron lo relatado.

El deseo de colonización de la isla de Ons es unánime, por lo que a los interesados afecta.

Si se llega a un arreglo en la valorización de la isla—es de creer que sí—, las tierras de Ons serán pronto la primera parcela socializada en España.

Manuel LUSTRES RIVAS



Una familia de isleños ante la vivienda. El abuelo, las mujeres y los rapagines. Los hombres están en el mar (Foto Pacheco)

## ONS ETNOGRÁFICA

### NOALLA - SANTA COMPAÑA - ONS

Atopábame recompilando datos pola zona de Noalla, concretamente en Punta Faxilda, para o meu próximo artigo sobre as Baterías de Costa posteriores á Guerra Civil Española, cando tiven que poñerme en contacto co meu informador de cabeceira (Fernando, dono do Restaurante “Nova Ponte” en Aios). Entre outras cousas comentoume a existencia, nos cantís por onde andaba, da cova “Igrexa de Requeixo”. Non tiña nin idea da súa existencia. Púxenme na súa procura e, non sen dificultade, din con ela. É unha grande rocha (ten unha fasquía parecía á Laxe do Crego en Ons) que con marea alta é unha illa, e que posúe, xusto no medio e de norte a sur, unha Cova que vai dun lado ao outro da enorme rocha.

Teño que recoñecer que me chamou moito a atención e, cando ía de volta cara á miña casa, fun cavilando, intentando recordar algún dato que recompilara en Ons sobre a Compañía e que tiña que ver con esa zona de Noalla.

Non tardei en darme conta. Noalla era o lugar de onde saía a Santa Compañía cara á Illa de Ons e por aí tiñan que ir os tiros. E foi así como, ao chegar a casa, púxenme a rebuscar entre os meus apuntes sobre ese mito na Illa de Ons.

Comprobei como en todos os relatos, aínda que eran contados por diferentes persoas, afirmaban que: <A Compañía non habitaba en Ons, sempre viña de Noalla>. Non dicían viña de fóra, ou viña do continente, ou nomeaban sitios diferentes; non, sempre viña de Noalla e a persoa que ía diante, dirixíndoa e que levaba a facha, facho, estandarte, cruz,..., candeia, segundo o relato de cada un, era sempre un home vivo de Noalla, tod@s @s meus informantes tiñano claro.

Pero, houbo unha que me contou que ademais de vir de Noalla, especificaba dous lugares diferentes desta parroquia segundo ao que viñera a Ons. Un era a ermida da Lanzada e a súa praia do sur (coñecida hoxe como Foxos e onde se realiza o Rito das Nove Ondas) e, outro, era un pouco máis ao sur, xusto nos arredores de Punta Faxilda, onde agora descubrín que se atopa a Rocha coñecida como “Igrexa de Requeixo” coa súa cova.

Será este o lugar que María, a muller de Joseño, nunha das súas conversas, me falara dunha zona preto de Punta Faxilda, dende onde saía a Compañía cara Ons, co fin de visitar, non anunciar morte, as almas dos seus familiares?

*(María, era unha muller moi especial, con coñecementos de numerosos remedios e apócemas, á que acudía moita xente da Illa para curar os seus males, sobre todo, os que se poderían considerar como máxicos, moi respectada polos seus coñecementos,..., que vivía, no inverno, na vivenda da tenda de Casa Acuña, e estaba encargada, entre outras cousas, do primeiro teléfono que chegou a Ons, daqueles de manivela, que despois de moito xirar, conectaba coa centralíña, coído, de Redondela e dende alí poñíanche co número desexado.)*

Na foto e de esquerda a dereita: Técnico de son, M<sup>a</sup> Jesús Otero, Zarauza, Palmira Acuña e Morris.



Rocha, “A Igrexa de Requeixo”. Major. Aios. Noalla.  
No círculo, podemos intuír a posición da Cova.



Saída da Santa Compañía dende o Arco de Punta Faxilda.  
En Noalla teñen claro que a Compañía habita nesa parroquia e que asiduamente visita a Illa de Ons.  
Esta recreación foi realizada por veciños de Aios. Noalla.

## PRESENTACIÓN DA PÉLICULA <ONS>

O pasado día 16 presentouse en Bueu dentro da programación de FicBueu. Estiveron, entre outros, o seu director Zarauza, o actor Morris e o técnico de son, que contestaron as preguntas que lles fixeron sobre a rodaxe. Zarauza comentou que o proceso de montaxe e postproducción está completado e que pronto será presentada en festivais nacionais e internacionais. Estrearase durante o mes de novembro. Ao final houbo un acto emotivo de agradecemento mutuo entre a familia Acuña, onde estiveron hospedados, e os responsables da película, tendo en conta a difícil situación pola que estaba pasando esta familia, durante a rodaxe, co pasamento do patriarca, Manolo Otero Blanco.

# INCENDIO EN ONS

## INCENDIO EN FEDORENTOS. ILLA DE ONS

Á tardiña do xoves 18 un raio impactou na Illa de Ons, concretamente, na zona de Fedorentos, na súa banda sur. Provocou un pequeno incendio que, en pouco tempo, foi a máis, e os medios dispoñibles eran escasos. Aínda así, alí acudiron os responsables de Parques, veciños, algúns visitantes asiduos e ata persoal do cámping.

Non imos neste modesto xornal a facer leña da árbore caída, pero sería importante que os responsables do Parque avalíen o acontecido e saquen conclusións que leven a ter na Illa unha infraestrutura suficiente para facer fronte a estes imprevistos mentres non cheguen os medios de extinción profesionais (como dicimos co retén de Primeiros Auxilios Permanente). Ata hai ben pouco, os illáns usufrutuaban os seus terreos e os mantiñan limpos ou poderíaseles obrigar a facelo, pero co tema das impostas concesións e o IBI a pagar polas terras, fixo que estas estean en mans da administración, polo tanto, ao igual que obrigan no continente aos concelleiros, particulares,..., a ter o monte limpo, que en Ons, onde son eles os responsables, teña que estar o monte coma unha patena, e máis, nos sitios máis perigosos para as persoas, como son: o campamento da Xunta, o cámping e os arredores das casas. Como pasa sempre, a ver se, despois deste primeiro incendio importante dende que Ons pertence ao Parque Nacional, se toman medidas para ter infraestrutura suficiente para dar unha primeira resposta a estes imprevistos.

## UNHA HOMENAXE MERECEIDA

O día do incendio en Ons, houbo unha persoa, xa xubilada, que se atopaba na Illa. Cando deron a voz de alarma, esa persoa podería pasar e, relaxado, tomar unha caña en calquera dos bares, xa se encargarían os profesionais de facer o traballo. Pero non, 40 anos na Illa, onde está considerado como un illán de adopción, nin o pensou, e para alá foi, a prestar a súa axuda poñéndose ás ordes do garda forestal. Pouco puideron facer, pero tanto veciños, como persoas que levan a Ons no corazón coma el, xunto cos traballadores do Parque, alí estiveron, ao pé do canón, para o que fixera falla, ata que chegaron as brigadas contra incendios, por certo dúas horas despois do inicio, e coordinados facer o que puideron.

Pero esa persoa, sen ser profesional, era todo un experto nesas lindes. Máis de 10 anos dirixindo os Campos de Traballo en Ons, nos anos 80 s.XX, cando os incendios no verán eran o pan noso de cada día e ardía a Illa de punta a chicote, sen retén de incendios, só o garda forestal e catro persoas de mantemento; el e os rapaces do Campo de Traballo tiveron que lidar co touro máis bravo, os incendios, que xurdían de día, de tarde e, sobre todo, de noite, co perigo que iso supoñía, pero alí estiveron, todos os anos, sen descanso. E, quen llo agradeceu, NINGUÉN, a administración non tivo nin un mínimo detalle para eses mozos e o seu director que, en ocasións, estiveron arriscando a súa vida para sufocar uns incendios e só coa axuda de ramas e pouco máis. Si, esa persoa ten un nome e é **SUSO MAQUIEIRA**, quen, a carón dos traballos medioambientais que facía xunto aos seus rapaces, pelexou cos lumes máis duros que nos podemos imaxinar e sen os medios mínimos para facelo. E iso non foi todo, cando xa non dirixía eses Campos de Traballo porque á Administración se lles deu por quitarlos de Ons, no 2002, cando o Prestige bautizou de loito o recentemente estreado Parque Nacional, alá se foi, cos seus alumnos do Instituto de Pontevedra, como voluntarios, a retirar chapapote das praias. Non pido que saian aos balcóns a aplaudirilles, pero si que recoñeza a Administración o importante traballo que realizaron eses rapaces xunto co seu Director e Mestre.

**BRAVO SUSO, ERES TODO UN CAMPIÓN!!!** Sen esquecernos dos mozos do Campo e alumnos que ao teu lado

**TRABALLARON POR ESTA ENGAIOLANTE ILLA.**



Foto arriba: Incendio no barrio de Curro 1982.

Foto Medio: Incendio nas Xabreiras. 1984.

Foto da esquerda: Suso Maquieira, xunto con Cesáreo e outros veciños, no incendio do día 17/09/2020.